



REQUIRIMENTO DA XEFATURA TERRITORIAL DA CONSELLERÍA DO MAR EN VIGO DE EMENDA DE DOCUMENTACIÓN NUNHA SOLICITUDE PRESENTADA NO PROCESO SELECTIVO DE ACCESO AO PERMISO DE EXPLOTACIÓN DE LAPA NA MODALIDADE DE MARISQUEO A PÉ DA CONFRARÍA DA GUARDA.

O 21 de agosto de 2023 foi publicado o proceso selectivo para a cobertura de catro (4) prazas de lapa na modalidade de marisqueo a pé para o exercicio da actividade extractiva no ámbito territorial do plan de explotación, da confraría de pescadores da Guarda e abriuse un prazo de 15 días hábiles para presentación de solicitudes.

Segundo o disposto no apartado I.3 das bases da convocatoria, logo de rematar o prazo de presentación de instancias, e de acordo co disposto no artigo 68 da Lei 39/2015, do 2 de outubro de Procedemento administrativo das administracións públicas, se a solicitude non reúne os requisitos formais, requiriráselle ás persoas interesadas, para que no prazo de dez (10) días hábiles a emenden, con indicación de que se así non o fixesen, se lles terán por desistidas das súas peticións, logo dunha resolución expresa. Tamén, no caso do documento do padrón, indícase nas bases que no suposto de imposibilidade material de obter o documento, a xefatura territorial poderá requirirlle á persoa solicitante a súa presentación ou, na súa falta, a acreditación por outros medios dos requisitos a que se refire o documento, con anterioridade á publicación da resolución provisional.

A notificación, por tratarse dun acto integrante dun procedemento de concorrencia competitiva e de conformidade co establecido no artigo 45 da Lei 39/2015, do 2 de outubro, realizarase mediante publicación no taboleiro de anuncios da xefatura territorial e na páxina web <http://www.mar.xunta.gal> e producirá os mesmos efectos que a notificación individualizada. Esta publicación tamén se realizará, con carácter informativo, nos taboleiros de anuncios das Xefaturas Comarcais de Pontevedra e Vilagarcía de Arousa, así como no taboleiro de anuncios da confraría.

De acordo co anteriormente indicado, **REQUIRESE** a seguinte documentación ás persoas indicadas a continuación:

APELIDOS E NOME	NIF	DOCUMENTACIÓN
DEBSKI, WIESLAW	***1469**	Certificación actual do padrón no que conste a antigüidade <i>(na consulta autorizada non se puido verificar a data de alta)</i>

** Ocúltanse parcialmente os díxitos de identificación en aplicación das garantías de protección da súa divulgación, seguindo o establecido pola Lei orgánica 3/2018, do 5 de decembro, de Protección de Datos Personais e Garantía dos Dereitos Dixitais en relación á identificación dos interesados nas notificacións por medio de anuncios e publicacións de actos administrativos, así como a orientación para a súa aplicación da Axencia Española de Protección de Datos.*

Xefatura Territorial de Vigo
Rúa Concepción Arenal, 8-4º andar
36201 Vigo (Pontevedra)
Tel.: 986817104
recursosmarinos.cmm.vigo@xunta.gal



No caso de non remitir a documentación requirida este apartado non será valorado.

A documentación requirida presentarse, preferiblemente por vía electrónica e opcionalmente en soporte papel en calquera dos lugares e rexistros establecidos no artigo 16.4. da Lei 39/2015, do 2 de outubro. Presentarse directamente ou a través das entidades asociativas do sector, no prazo de dez (10) días hábiles, que se contarán a partir do día seguinte ao que se publique esta convocatoria no taboleiro de anuncios das xefaturas comarcais e na páxina web <http://www.mar.xunta.gal>, e dirixiranse á Xefatura Territorial da Consellería do Mar de Vigo, de acordo co disposto no artigo 69 da Lei 39/2015, do 1 de outubro, do Procedemento Administrativo Común das Administracións Públicas (BOE núm. 236, do 2 de outubro de 2015).

A xefa territorial
Sonia Lorenzo Santos

